



## Concello de Miño

Rúa da Carreira, 38 15630 Miño - A Coruña  
981782058

UNIDADE: SECRETARIA

**DONA MARÍA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA DO CONCELLO DE MIÑO, CERTIFICO:** que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de novembro do 2019 adoptouse o seguinte acordo:

### **“2.- PROPOSTA 2019/G006/000169. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “REAFIRMADO DO CAMIÑO DO CENTRO DE VIADEIRO E OUTEIRO”.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía que é do seguinte teor literal:

#### **<<APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “REAFIRMADO DO CAMIÑO DO CENTRO DE VIADEIRO E OUTEIRO”**

Logo de examinar o expediente tramitado para a contratación polo procedemento aberto súper simplificado cun único criterio de adxudicación (factor prezo e prazo) da obra de “REAFIRMADO DO CAMIÑO DO CENTRO DE VIADEIRO E OUTEIRO” Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020” de la Consellería de Medio Rural de la Xunta de Galicia, segundo o proxecto redactado pola arquitecta municipal Carolina Cajide Barbeito, cun orzamento total de licitación de 46.771,29 € (IVE incluído), aprobado por resolución de alcaldía número 135/2019 de data 26.02.2019 ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25.09.2019.

Considerando acreditado no proxecto técnico a necesidade de levar a cabo esta contratación e a determinación do obxecto e contido do contrato de forma idónea para atender a natureza e extensión das necesidades que hai que cubrir.

Considerando tamén xustificada a elección do procedemento aberto súper simplificado, criterio de adxudicación factor prezo 70 puntos e factor redución de prazo 30 puntos en razón das características do contrato.

Logo de ver o prego de cláusulas administrativas particulares así como o correspondente cadro de características do contrato.

Logo de ver os informes emitidos pola Intervención e por Secretaría, e considerando que se cumpren os requisitos esixidos polas disposicións de aplicación, esta Alcaldía propón a **Xunta de Goberno Local**, adoptar o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto súper simplificado, criterio de adxudicación factor prezo 70 puntos e factor redución de prazo 30 puntos en razón das características do contrato, da obra “REAFIRMADO DO CAMIÑO DO CENTRO DE VIADEIRO E OUTEIRO” Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020” de la Consellería de Medio Rural de la Xunta de Galicia, segundo o proxecto redactado pola arquitecta municipal Carolina Cajide Barbeito, cun orzamento total de licitación de 46.771,29 € (IVE incluído), aprobado por resolución de Alcaldía número 135/2019 de data 26.02.2019 ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25.09.2019, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adxudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de contratos do sector público.

**Segundo.-** Autorizar o gasto plurianual por importe de 46.771,29 € de acordo co seguinte desglose:

**Anualidade 2019:** 23.915,88 € (con cargo á aplicación 2019.0.1532.19L.619.00 do Orzamento municipal)

**Anualidade 2020:** 22.855,41 € ( condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento para 2020)

**Terceiro.-** Utilizar nesta contratación, o prego de cláusulas administrativas particulares, xunto co cadro de características do contrato, redactado pola secretaria municipal para este contrato, que se aproba neste acto, e coas condicións facultativas do proxecto técnico aprobado, rexerá a preparación e desenvolvemento do contrato.

**Cuarto.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante publicación no Perfil de Contratante do anuncio de licitación e demais información establecida no artigo 63 da Lei de contratos do sector público, para a presentación de proposicións durante o prazo establecido no prego.>>

Despois de examinar os documentos que obran no expediente, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes (catro) adopta o seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO E ÚNICO.- Aprobar a proposta nos seus mesmos termos.”**



**Concello de Miño**

Rúa da Carreira, 38 15630 Miño - A Coruña  
981782058

**UNIDADE: SECRETARIA**

Para que conste, asino a presente certificación ao abeiro e coas excepcións previstas no Art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a resultados do texto definitivo da acta; co visto e praxe do Sr. alcalde don Manuel Vázquez Faraldo.

En Miño, na data da sinatura electrónica.

Visto e praxe

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo